

BIBLIOGRAFÍA

GT 18; *Amor* 25-7; *Amigo* 512; RL 1-35, 50, 305, 422, 430; TL 36-41; GEG I, 243-52
 Carballo Calero, R., & García Rodríguez, C. (eds.), *Afonso X O Sábio. Cantigas de amor, de escarño e de louvor*, Sada-A Coruña, Ed. do Castro, 1983.
 Mettmann, W. (ed.), *Afonso X. Cantigas de Santa Maria*, Vigo, Xerais 1981.
 Procter, E., *Alfonso X of Castil*, 1951.

AGRELO HERMO, XOSÉ

(Noia, 1937). Mestre de EXB. En 1971 gañou o IV Concurso de Contos O Facho con *O espantapaxaros* (1972). En 1973 fundou en Noia o grupo de teatro Candea que tiña como obxectivo facer teatro galego e en galego e que estreou —ademais de obras de clásicos galegos como Blanco Amor* ou Carré Alvarellos*— varias pezas da súa autoría, entre as que salientan *Noite de lobos*, *Metá e metá* e *O mestre*, publicadas nun mesmo volume en 1989. As súas experiencias pedagóxico-teatrais aparecen recollidas en *O xogo dramático (de, con, por, para nenos)* (1990).

AGUIRRE DEL RÍO, LUIS

Poeta do s. XIX que aparece representado no *Álbum de la Caridad* co poema castelán titulado “Ámame”. Segundo Murguía* publicou distintas poesías en castelán en diferentes periódicos galegos e madrileños da época, poemas que non chegou a poder recollectar en libro polo temperán da súa morte. Tiña proxectado tamén un *Diccionario del dialecto gallego* do que anunciou varias veces a próxima publicación que tampouco chegou a consumarse. Si publicou o *Himno escolar*, poema que apareceu nunha folla solta datada en Santiago o 31 de outubro de 1859.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CF, GEG

Murguía, M., “Reseña biográfica con motivo da morte de Aguirre del Río”, *Almanaque de Galicia*, Lugo, Soto Freire, 1867.

AGUIRRE GALARRAGA, AURELIO

(Santiago, 1833; A Coruña, 1858). O principal poeta do Liceo de la Juventud* durante a década de 1850 é Aurelio Aguirre. Estudante de Dereito, participou como miliciano no levantamento de 1854 e foi un dos tres organizadores do famoso banquete de Conxo, onde leu un exaltado *Brindis* que provocou que fose acusado de ateo e republicano, infundios que tivo que rectificar publicamente no periódico *La Oliva* por medio do poema “A mis calumniadores”. Dende moi novo Aguirre destaca como poeta romántico en castelán, tanto polo exaltado contraste dos seus sentimentos, que lembran a maioría das veces os expresados por Byron ou Espronceda, como polo engado que mostra cara á paisaxe e á forza impresionante do mar, temáticas románticas que foron consideradas como caracterizadoras da creación galega. En vida iniciou a publicación de *Ensayos poéticos* (1856-1858), obra que se rematou de imprimir logo de morto o seu autor. Máis tarde foron recollidos parte dos seus poemas baixo o título de *Poesías selectas* (1901), obra na que pode comprobarse non só a importancia dos escritores románticos que vimos de citar senón tamén a súa integración no mundo galeguista da época, como indican os poemas titulados “A la juventud gallega”, “Al Liceo de la Juventud de Santiago”, “A mi amigo el poeta D. M. M. Murguía, ¡Ánimo!”, “Improvisación. A la poetisa R. C.” ou “A los mártires de Carral”. Aguirre, quizais debido á súa prematura morte (afogado na praia coruñesa de San Amaro), non escribiu en galego máis ca un poema sen valor literario titulado “Un consello”, que foi publicado en 1966 por Álvarez Blázquez*.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. GEG

Álvarez Blázquez, X. M., "Uns versos galegos de Aurelio Aguirre", *Grial* 12, 1966.
 Carballo Calero, R., "Aurelio Aguirre e a poesía galega", *Libros e autores galegos. Dos trovadores de Valle-Inclán*, A Coruña, Fundación Barrié, 1979.

Martínez Murguía, M., *Los Precursores*, A Coruña, Latorre e Martínez Editores, 1885.
 Varela Jácome, B., *Historia de la literatura gallega*, Santiago, Porto Editores, 1951.

AGULLA PIZCUETA, XAQUÍN

(Pontevedra, 1956). Poeta dos anos oitenta que optou por unha poesía persoal comprometida co entorno pero coidadosa e innovadora na forma. Estudiu Maxisterio, foi secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega e na actualidade vive en Cangas, exercendo a docencia. Algúns dos seus poemas foron publicados por primeira vez nas revistas *Dorna*, *Grial* e *Carel*. Todos os seus libros de poesía foron publicados na colección Chorima de Pontevedra (en realidade eran edicións de autor). Hai unha serie de constantes temáticas na súa poesía: o amor, o compromiso coa realidade social e a reflexión existencial. Se no seu primeiro poemario *Cántigo* (1981), o tema predominante é o amor, o segundo, *Ensoños de Breila* (1982), está gobernado pola preocupación social. En 1984 publica toda a súa obra poética no volume *Aquí fican melodías* (1976-1984), no que inclúe poemarios inéditos como *Folerpas de inverno* e *Poemas ideográficos*, continuadores dos primeiros no que atinxe á temática pero renovando o concepto formal da poesía, ben mediante o xogo coa disposición formal do verso, ben con poemas visuais. Ten publicado ademais teatro e narrativa infantil, como *A viaxe alucinante de Peter o cosmonauta* (1986) ou *A historia da buguina* (1990).

BIBLIOGRAFÍA

Agulla Pizcueta, X., *Aquí fican melodías*, Pontevedra, Ed. de Francisco López, Col. Chorima, 1984.

AIRA BARRERA, CASTOR DE

En galego é autor dunha obra poética moi mediocre que comprende *Os meus lurciños* (1908), poema de inspiración e devoción currosiana; *Frangullas* (1910), que abrangue poemas de circunstancias, de nostalxia da terra e da mocidade, fábulas e versións galegas de poemas de Manrique, Calderón, Cervantes, etc; *Bágoas conxeladas* (1916), poemario inspirado pola morte da súa muller e no que algunhas composicións son tradución da versión orixinal en castelán, e *Facetas* (1927), poemario bilingüe. Como narrador, coñéceselle un relato publicado en *Acción Gallega* en 1910.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CF

Hermida, M., *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo, Xerais, 1995.

AIRAS CARPANCHO [CORPANCHO]

Probablemente, xogral galego de mediados do século XIII. A carencia de calquera pista para identificar este autor contrasta coa solidez da súa tradición textual, sen problemas de autoría nin deturpacións. Os tres cancioneros contribúen na transmisión das 13 cantigas deste autor, das cales cinco de amor (só en A e B) e oito de amigo (en B e V). O tema das de amor é a imposibilidade do poeta de falar diante da súa señor. As de romaría son convencionais excepto unha, que constitúe o único exemplo de cantiga de romaría a Santiago de Compostela.

BIBLIOGRAFÍA

GT 11; CM 64-7, 399; *Amigo* 90-7; TL 25
 Minervini, V., *Le poesie di Ayras Carpancho*, Napoli, 1974.